



RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 21.10.2025

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 21.10.2025, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Aprobáronse dúas altas como colexiados/as exercentes, un cambio de exercente a non exercente e tres baixas de non exercentes.
2. **Informes de honorarios.** Aprobáronse 40 informes de honorarios para taxacións de custas (39 de materia bancaria e 1 sobre un proc. verbal de impugnación de caderno particional).
3. **Reclamación de dereitos colexiais pola emisión de ditames de honorarios en taxacións de custas.** Acordouse remitir un burofax-MASC a tres letrados/as de entidades bancarias (con domicilios profesionais en Madrid, Barcelona e Valencia) para reclamar a débeda acumulada polos dereitos colexiais derivados da emisión de informes de honorarios. Os importes destas débedas son de 3.702 euros, 3.121,80 euros e 2.348,61 euros. Ofrécese un prazo de dun mes para efectuar o pagamento e, de non realizarse, presentar os correspondentes monitorios.
4. **Alegacións ao anteproxecto da Lei de cooperativas.** Acordouse presentar alegacións ao anteproxecto da Lei de cooperativas de Galicia, en relación coa figura do letrado asesor. Estas alegacións serán presentadas ante a consellería correspondente.
5. **Estudo e tramitación de diversos escritos.** Delibérouse sobre diversos escritos e solicitudes presentadas por colexiados/as en relación co servizo de asistencia a persoas detidas e as dificultades que está a presentar a inclusión dos MASC na quenda de oficio.
6. **Dilixencias de información previa e expedientes disciplinarios.** Unha vez tramitadas as correspondentes dilixencias informativas, acordouse o arquivo dunha queixa contra un letrado/a.

Así mesmo, acordouse aprobar as propostas de sanción presentadas en dous expedientes disciplinarios. Nun deles, a sanción imposta é dun mes de suspensión ou multa de 1.500 euros, e noutro, multa de 1.000 euros.

7. **Subscrición de convenios.** Acordouse a sinatura dos seguintes convenios de colaboración:
 - Convenio de colaboración co CGAE para a execución do programa de formación en competencias dixitais
 - Convenio de colaboración coa USC e a EPX para a realización de prácticas externas do alumnado do Grao en Dereito